INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

FUNDACIÓN GALEGA DE INVESTIGACIÓN SANITARIA IDIS

PROGRAMA DE AXUDAS INTRAMURAIS DE RECURSOS HUMANOS DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO (IDIS).

CONVOCATORIA 2026

ANEXO 1: BAREMOS

Xacobeo 2027

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

AXUDAS PREDOUTORAIS

APARTADO 1 (60 PUNTOS)

CANDIDATO/A (30 puntos)

- **Expediente da titulación universitaria (máximo 21 puntos):**

NOTA MEDIA	PUNTUACIÓN
<5,5	0
≥5,5 - 6,5	7
>6,5 - 7,5	14
>7,5 - 8,5	17
>8,5 - 9,5	19
>9,5 - 10	21

- **Premio Extraordinario Fin de Carreira (máximo 2,5 puntos):**

PREMIO EXTRAORDINARIO	PUNTUACIÓN
Non	0
Si	2,5

- **Coñecemento de lingua estranxeira (máximo 1,5 puntos):**

NIVEL ACREDITADO	PUNTUACIÓN
Non acredita	0
B1	0,25
B2	0,5
C1	1
C2	1,5

** Non será considerada lingua estranxeira a do país de orixe. Serán válidos os certificados procedentes de entidades recoñecidas que inclúan sinatura, selo ou código de verificación.*

- **Publicacións científicas (máximo 2,5 puntos):**

NIVEL	PUNTUACIÓN
Nada	0
Aceptable (participación en publicacións científicas)	0,5
Bo (primeiro autor en publicacións científicas de Q2, Q3 e Q4)	1
Excelente (primeiro autor en publicacións científicas de Q1)	2

- **Contribución a congresos nacionais e internacionais (máximo 1,5 puntos):**

TIPO DE COMUNICACIÓN	PUNTUACIÓN
Comunicación tipo póster (autor principal)	0,15
Comunicación oral (autor principal)	0,3

- **Cursos de formación** debidamente acreditados **(máximo 1 puntos):**

HORAS DE CURSOS ACREDITADAS	PUNTUACIÓN
5 h – 10 h	0,2
11 h – 30 h	0,4
31 h – 50 h	0,6
51 h – 70 h	0,8
> 70 h	1

DIRECTOR/A DE TESE (30 puntos)

- **Publicacións**. Valorarase as 10 seleccionadas (orixinais, revisións ou editoriais) como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia, que correspondan ao período 2022 – 2026, publicadas en revistas indexadas no JCR 2025, e o IDIS deberá aparecer na filiación das mesmas (excepto nos casos indicados nas bases da convocatoria, **máximo 9 puntos):**

PUBLICACIÓNS	PUNTUACIÓN
Por cada publicación en Q3 ou Q4, como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia	0,25
Por cada publicación en Q2, como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia	0,5
Por cada publicación en Q1, como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia	1
Por cada publicación en D1, como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia	1,5

- **Valoración das publicacións segundo os CRITERIOS DORA**
-

As 10 publicacións seleccionadas deben incorporar elementos obxectivos de valoración da calidade científica (**páx. 11**), así como unha breve descrición narrativa sobre a relevancia da mesma na súa área de coñecemento; a aplicación dos resultados en innovación ou aplicación clínica; coherencia entre a selección da publicación e a traxectoria en relación coa proposta **(máximo 9 puntos).**

- **Proxectos de investigación** acadados no período 2022 – 2026 **(Máximo 5,5 puntos):**

PROXECTOS	PUNTUACIÓN
IP de proxectos competitivos internacionais do Programa Marco da Unión Europea (participando en calidade de líder).	5
IP de proxectos competitivos internacionais do Programa Marco da Unión Europea (participando en calidade de socio).	4
IP de proxectos do Plan Estatal de Investigación Científico-Técnica e Innovación, ou do Programa Interreg.	3
IP de proxectos competitivos autonómicos, FEDER Interconecta.	2
IP doutros proxectos competitivos.	1
Sen proxectos.	0

- **Dirección de teses de doutoramento** defendidas no período 2022 – 2026 **(máximo 5,5 puntos):**

TESES	**PUNTUACIÓN**
Por cada tese de doutoramento dirixida.	2
Por cada tese dirixida con Mención Internacional ou Premio Extraordinario	2,5

- **Participación do Grupo de Investigación en seminarios / actividades de divulgación organizadas polo IDIS (máximo 1 punto):**

PARTICIPACIÓN EN SEMINARIOS / DIVULGACIÓN	**PUNTUACIÓN**
Total (participa en ambas actividades)	1
Parcialmente (participa nunha das actividades)	0,5
Non	0

APARTADO 2 (40 PUNTOS)

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN (20 puntos)

VALOR ESTRATÉXICO DA PROPOSTA (20 puntos)

Aspectos da proposta con alto potencial de xerar impactos positivos nas liñas estratéxicas do IDIS. Valorado polo Comité de Avaliación.

Xestión de fondos a través da FIDIS	12
Incorporación de persoal de Atención Primaria ou Enfermería no proxecto	3
Alto impacto científico-técnico esperable	2
Capacidade de translación á práctica clínica	3

AXUDAS POSDOUTORAIS

APARTADO 1 (60 PUNTOS)

CANDIDATO/A (35 puntos)

- **Publicacións**: Orixinais, revisións ou editoriais do/a candidato/a. Deberán estar indexadas no JCR 2025 **(máximo 10 puntos):**

PUBLICACIÓNS	PUNTUACIÓN
Por cada publicación en D1, como primeiro/a (ou último/a ou autor/a de correspondencia)	2,5
Por cada publicación en Q1, como primeiro/a (ou último/a ou autor/a de correspondencia)	2
Por cada publicación en Q2, como primeiro/a (ou último/a ou autor/a de correspondencia)	1,5
Por cada publicación en Q3 ou Q4, como primeiro/a (ou último/a ou autor/a de correspondencia)	1
Por cada publicación en D1, como coautor/a noutras posicións	1
Por cada publicación en Q1, como coautor/a noutras posicións	0,5
Por cada publicación en Q2, como coautor/a noutras posicións	0,25
Por cada publicación en Q3 ou Q4, como coautor/a noutras posicións	0,1

- Valoración das publicacións segundo os CRITERIOS DORA

As publicacións do CV do/a candidato/a deberán incorporar elementos obxectivos de valoración da calidade científica (**páx.11**), así como unha breve descrición narrativa sobre a relevancia da mesma na súa área de coñecemento; a aplicación dos resultados en innovación ou aplicación clínica; coherencia entre a selección de cada publicación e a traxectoria en relación coa proposta **(máximo 11 puntos).**

- **Tese de doutoramento con Mención Internacional ou Premio Extraordinario (máximo 3 puntos):**

MENCIÓN INTERNACIONAL OU PREMIO EXTRAORDINARIO	PUNTUACIÓN
Non	0
Si	3

- **Estadías de investigación en centros de recoñecido prestixio, continuadas e superiores a 2 meses, distintos daquela universidade ou institución en que se expediu o seu título de doutor/a (por estadía, máximo 5 puntos):**

ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN	PUNTUACIÓN
Nacionais	1,5
Internacionais	2,5

- **Obtención de axudas predoutorais en convocatorias competitivas (máximo 2 puntos):**

AXUDAS COMPETITIVAS. ENTIDADE CONVOCANTE	**PUNTUACIÓN**
Entidades públicas de ámbito nacional ou autonómico	2
Axudas IDIS	2
Entidades privadas	1

- **Contribución a congresos nacionais e internacionais (máximo 2 puntos):**

TIPO DE COMUNICACIÓN	**PUNTUACIÓN**
Comunicación tipo póster (autor principal).	0,15
Comunicación oral (autor principal).	0,3

- **Acreditación coñecemento de lingua estranxeira (máximo 1 punto):**

NIVEL ACREDITADO	**PUNTUACIÓN**
Non acredita.	0
B1	0,2
B2	0,4
C1	0,8
C2	1

** Non será considerada lingua estranxeira a do país de orixe. Serán válidos os certificados procedentes de entidades recoñecidas que inclúan sinatura, selo ou código de verificación.*

- **Cursos de formación** debidamente acreditados **(máximo 1 punto):**

HORAS DE CURSOS ACREDITADAS	**PUNTUACIÓN**
5 h – 10 h	0,2
11 h – 30 h	0,4
31 h – 50 h	0,6
51 h – 70 h	0,8
> 70 h	1

SUPERVISOR/A (25 puntos)

- **Publicacións**. Valoraranse as 10 seleccionadas (orixinais, revisións ou editoriais) como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia, que correspondan ao período 2022 – 2026, publicadas en revistas indexadas no JCR 2025, e o IDIS deberá aparecer na filiación das mesmas (excepto nos casos indicados nas bases da convocatoria, **máximo 7 puntos**):

PUBLICACIÓNS	**PUNTUACIÓN**
Por cada publicación en Q3 ou Q4, como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia	0,25
Por cada publicación en Q2, como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia	0,5

Por cada publicación en Q1, como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia	1
Por cada publicación en D1, como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia	1,5

- **Valoración das publicacións segundo os CRITERIOS DORA**
-

As 10 publicacións seleccionadas deben incorporar elementos obxectivos de valoración da calidade científica (páx. 11), así como unha breve descrición narrativa sobre a relevancia da mesma na súa área de coñecemento; a aplicación dos resultados en innovación ou aplicación clínica; coherencia entre a selección da publicación e a traxectoria en relación coa proposta. **(Máximo 8 puntos)**

- **Proxectos de investigación** acadados no período 2022 – 2026 **(Máximo 5 puntos):**

PROXECTOS	**PUNTUACIÓN**
IP de proxectos competitivos internacionais do Programa Marco da Unión Europea (participando en calidade de líder).	4
IP de proxectos competitivos internacionais do Programa Marco da Unión Europea (participando en calidade de socio).	3
IP de proxectos do Plan Estatal de Investigación Científico-Técnica e Innovación, ou do Programa Interreg.	2
IP de proxectos competitivos autonómicos, FEDER Interconecta.	1
IP doutros proxectos competitivos.	0,5
Sen proxectos.	0

- **Dirección de teses de doutoramento** defendidas no período 2022 – 2026 **(Máximo 4 puntos):**

TESES	**PUNTUACIÓN**
Por cada tese de doutoramento dirixida.	1,5
Por cada tese dirixida con Mención Internacional ou Premio Extraordinario	2,5

- **Participación do Grupo de Investigación en seminarios Mércores IDIS / actividades de divulgación organizadas polo IDIS (Máximo 1 punto):**

PARTICIPACIÓN EN SEMINARIOS / DIVULGACIÓN	**PUNTUACIÓN**
Total (participa en ambas actividades)	1
Parcialmente (participa nunha das actividades)	0,5
Non	0

APARTADO 2 (40 PUNTOS)

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN (20 puntos)

VALOR ESTRATÉXICO DA PROPOSTA (20 puntos)

Aspectos da proposta con alto potencial de xerar impactos positivos nas liñas estratéxicas do IDIS. Valorado polo Comité de Avaliación.

Xestión de fondos a través da FIDIS	12
Incorporación de persoal de Atención Primaria ou Enfermería no proxecto	3
Alto impacto científico-técnico esperable	2
Capacidade de translación á práctica clínica	3

PERSOAL TÉCNICO DE PLATAFORMA

APARTADO 1 (40 PUNTOS)

CANDIDATO/A (20 puntos)

- **Experiencia laboral relacionada coa actividade a desenvolver (9 puntos):**

EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN
Experiencia en funcións similares	9
Experiencia noutras funcións	3

- **Formación (máximo 5 puntos):**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN
Formación de especialización	5
Titulación académica complementaria	Máximo 3,5

- **Publicacións científicas e participación en proxectos de investigación (máximo 5 puntos):**

PRODUCIÓN CIENTÍFICA E PROXECTOS	PUNTUACIÓN
Produción científica	3
Participación en proxectos	2

- **Coñecemento de lingua estranxeira (máximo 1 punto):**

NIVEL ACREDITADO	PUNTUACIÓN
Non acredita.	0
B1	0,25
B2	0,5
C1	0,75
C2	1

** Non será considerada lingua estranxeira a do país de orixe. Serán válidos os certificados procedentes de entidades recoñecidas que inclúan sinatura, selo ou código de verificación.*

PLATAFORMA (20 puntos)

- **Servizos e recursos (Máximo 11 puntos):**

SERVIZOS E RECURSOS	PUNTUACIÓN
Servizos ofrecidos nos últimos 5 anos	8
Captación de recursos	3

- **Formación de persoal (Máximo 4 puntos):**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN
Formación de persoal	4

- **Produción científica. (Máximo 3 puntos):**

PRODUCIÓN CIENTÍFICA	PUNTUACIÓN
Produción científica	3

- **Actividades de divulgación. (Máximo 2 puntos):**

DIVULGACIÓN	PUNTUACIÓN
Participación en actividades de divulgación científica	2

APARTADO 2 (60 PUNTOS)

MEMORIA CIENTÍFICO TÉCNICA (30 puntos)

VALOR ESTRATÉXICO DA PROPOSTA (30 puntos)

Aspectos da proposta con alto potencial de xerar impactos positivos nas liñas estratéxicas do IDIS. Valorado polo Comité de Avaliación.

Variedade de grupos aos que prestará servizos	8
Aspectos novidosos da proposta	4
Potencialidade para establecer novas colaboracións externas	4
Plan de promoción da plataforma.	4

CRITERIOS DORA

DORA (*San Francisco Declaration on Research Assessment*) propón avaliar as contribucións científicas en función do seu mérito, relevancia e impacto real, evitando utilizar o factor de impacto da revista como único indicador de calidade. Á hora de avaliar unha publicación, teranse en conta conxuntamente os seguintes aspectos:

- Indicadores da revista, como o factor de impacto, a clasificación (*ranking*), o cuartil e o percentil dentro da categoría; e indicadores específicos do artigo, como o FWCI, o CNCI, o percentil de citas e a condición de "artigo altamente citado" (*Highly Cited Paper*), así como se o artigo ocupa unha posición destacada e se a temática se aliña coa liña de investigación ou co proxecto proposto.

- As citas tamén se avalían de xeito contextualizado, tendo en conta non só o número de citas, senón tamén a súa normalización segundo o eido, o ano e o tipo de documento, así como as áreas científicas, as revistas, as institucións, as procedencias xeográficas e as autocitas dos traballos que citan. Recoméndase indicar a fonte e a data de consulta destes indicadores.

Todo isto debe integrarse nunha narrativa que explique a relevancia e a contribución específica do traballo, o seu impacto científico e —se procede— o seu impacto clínico, social ou de transferencia de coñecemento, así como as contribucións á ciencia aberta.

Criterios para avaliar as contribucións científicas no marco da DORA:

- Principio xeral: avaliar o mérito, a relevancia, a calidade e o impacto de cada contribución, evitando utilizar o factor de impacto da revista como único indicador de calidade.
- Indicadores da revista: factor de impacto (FI), clasificación na categoría, cuartil e percentil.
- Indicadores específicos do artigo: FWCI, CNCI, percentil de citas e condición de "artigo altamente citado" (*Highly Cited Paper*).
- Citas contextualizadas: non só o número de citas, senón tamén as métricas de citas normalizadas e as características dos traballos que citan: área/disciplina, revistas, institucións, procedencia xeográfica, autocitas, etc.
- Contribución e impacto: a relevancia e a contribución científica concreta do traballo, así como —se procede— o seu impacto clínico, social, translacional ou de transferencia de coñecemento.
- Ciencia aberta: dispoñibilidade en acceso aberto, preprints/postprints, revistas diamante e licenzas abertas, entre outros aspectos.

Esta información debe integrarse nunha narrativa que xustifique a relevancia do artigo e das súas citas, ao tempo que se contextualizan os indicadores empregados. Recoméndase especificar a fonte e a data de consulta dos indicadores.